

I. DISPOSICIÓN XERAIS

BANCO DE ESPAÑA

17286 *Circular 4/2019, do 26 de novembro, do Banco de España, a establecementos financeiros de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros.*

Índice

- Título preliminar. Disposicións xerais.
- Norma 1. Ámbito de aplicación e obxecto.
- Título I. Información financeira pública.
 - Capítulo I. Contido da información financeira pública.
 - Norma 2. Contas anuais individuais.
 - Norma 3. Contas anuais consolidadas.
 - Norma 4. Contido das contas anuais individuais e consolidadas.
 - Norma 5. Estados financeiros públicos individuais.
 - Norma 6. Estados financeiros públicos consolidados.
 - Capítulo II. Criterios de recoñecemento, valoración, presentación e información para incluír na memoria.
 - Norma 7. Características e elementos da información financeira.
 - Norma 8. Criterios de recoñecemento, valoración, presentación e información para incluír na memoria.
 - Título II. Información financeira reservada.
 - Capítulo I. Criterios de elaboración.
 - Norma 9. Criterios de recoñecemento, valoración, presentación e desagregación.
 - Norma 10. Sectorización de saldos persoais segundo titulares.
 - Capítulo II. Estados reservados que se deben remitir ao Banco de España.
 - Norma 11. Estados financeiros reservados individuais.
 - Norma 12. Estados financeiros reservados consolidados.
 - Norma 13. Estados reservados relativos aos requirimentos estatísticos da Unión Económica e Monetaria.
 - Título III. Desenvolvemento contable interno e control de xestión.
 - Norma 14. Desenvolvemento contable interno e control de xestión.
 - Título IV. Presentación de información financeira no Banco de España.
 - Norma 15. Presentación de contas anuais, estados e outra información financeira no Banco de España.
 - Disposición adicional única. Previsións con finalidades de supervisión prudencial.
 - Disposición transitoria primeira. Aplicación por primeira vez desta circular ás contas anuais.

Disposición transitoria segunda. Aplicación por primeira vez desta circular aos estados financeiros públicos.

Disposición transitoria terceira. Aplicación por primeira vez desta circular aos estados financeiros reservados.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

I

Esta circular, que constitúe o réxime contable dos establecementos financeiros de crédito, determina os documentos que estes establecementos e os seus grupos teñen que publicar, así como as normas de recoñecemento, valoración, presentación, información para incluír na memoria e desagregación que se deben aplicar na súa elaboración, incluídos os modelos de estados financeiros públicos e reservados.

De acordo co título II, sobre o réxime xurídico dos establecementos financeiros de crédito, da Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial, esta circular toma como referencia a normativa contable das entidades de crédito, ben fixando uns criterios análogos aos destas, ben remitindo directamente ás normas da Circular 4/2017, do 27 de novembro, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros. As diferenzas na natureza, escala e complexidade das actividades dos establecementos respecto ás entidades de crédito tradúcense nun réxime simplificado de requirimentos de estados financeiros, conformado por un subconxunto dos estados financeiros públicos e reservados das entidades de crédito cunha, nalgúns casos, menor frecuencia de envío ou cun maior prazo máximo de remisión.

Este enfoque é coherente co réxime contable previo dos establecementos financeiros de crédito que, en canto tiñan a condición de entidades de crédito, aplicaron ata decembro de 2013 a normativa contable destas últimas, ben que desfrutaban duns requirimentos simplificados de estados financeiros. Desde xaneiro de 2014 –data en que perderon a súa condición de entidades de crédito, en virtude do Real decreto lei 14/2013, do 29 de novembro, de medidas urxentes para a adaptación do dereito español á normativa da Unión Europea en materia de supervisión e solvencia de entidades financeiras– os establecementos mantiveron de forma transitoria o seu réxime contable previo, incluídas as mencionadas simplificacións en materia de estados financeiros. Coa aprobación desta circular, dáse por concluído o dito réxime contable transitorio, que queda substituído por unha normativa específica.

Esta nova circular, que constitúe o desenvolvemento do Código de comercio para estes establecementos, mantén a converxencia da normativa contable nacional coas normas internacionais de información financeira adoptadas pola Unión Europea (NIIF-UE), conforme o disposto no Regulamento (CE) n.º 1606/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de xullo de 2002, relativo á aplicación de normas internacionais de contabilidade (Regulamento NIC). Desta forma, o Banco de España dá continuidade á estratexia de compatibilidade do réxime contable das entidades supervisadas cos criterios contables máis avanzados das NIIF-UE, respectando os principios do Código de comercio. En particular, incorpóranse á normativa contable dos establecementos os criterios da NIIF-UE 9, sobre instrumentos financeiros, incluído o enfoque de perda esperada para a estimación das coberturas por risco de crédito.

II

Esta circular consta de quince normas, unha disposición adicional, tres disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

O título preliminar, que inclúe unha única norma, determina o ámbito subxectivo de aplicación da circular –establecementos financeiros de crédito, grupos de establecementos financeiros de crédito e grupos consolidables de establecementos financeiros de crédito– e aclara se, na elaboración da información financeira pública e reservada, se ten que aplicar esta circular ou directamente as NIIF-UE.

A información financeira individual confeccionarase aplicando os criterios contables desta circular. As NIIF-UE son de aplicación directa na confección da información financeira consolidada dos grupos de emisores de valores, de acordo co Regulamento NIC, e dos grupos que non emitisen valores que opten por elas, de acordo co artigo 43 bis do Código de comercio. Polo tanto, a información financeira consolidada dos grupos que apliquen directamente as NIIF-UE queda fóra do ámbito dos criterios contables desta circular relativos a recoñecemento, valoración, presentación e información para incluír na memoria. Os restantes grupos confeccionarán a súa información financeira consolidada aplicando os criterios contables desta circular. Non obstante, todos os grupos están suxeitos ás especificidades recollidas nesta circular en termos de modelos de estados financeiros públicos e reservados, desagregacións da información, frecuencia e prazo de remisión.

En todo caso, como se sinalou, os criterios relativos ao recoñecemento, valoración, presentación e información para incluír na memoria recollidos nesta circular para os establecementos son idénticos aos requiridos na Circular 4/2017, do 27 de novembro, para as entidades de crédito. Polo tanto, o Banco de España entende que son plenamente aplicables aos ditos establecementos as consideracións que se sinalan no preámbulo da citada Circular 4/2017 en relación co cumprimento dos criterios contables recollidos nela por parte dos grupos que apliquen directamente as NIIF-UE.

O título primeiro, sobre información financeira pública, consta de dous capítulos. O capítulo primeiro, que inclúe cinco normas, determina os documentos que se teñen que publicar (contas anuais, informe de xestión e informe de auditoría) e uns requirimentos xerais sobre o contido das contas anuais, individuais e consolidadas. Con independencia das súas obrigacións de formular contas anuais, os establecementos deben publicar, periodicamente, os modelos de estados financeiros públicos individuais e consolidados estipulados nesta circular. O capítulo segundo, que inclúe dúas normas, contén unha remisión á Circular 4/2017, do 27 de novembro, para as normas de recoñecemento, valoración, presentación e desagregación da información na memoria das contas anuais.

O título segundo, sobre información financeira reservada, consta de dous capítulos. O capítulo primeiro, que inclúe dúas normas, establece que os grupos están suxeitos ás especificidades recollidas neste título, con independencia de que apliquen os criterios contables desta circular ou directamente as NIIF-UE. O capítulo segundo, que inclúe tres normas, recolle as especificidades dos estados reservados –individuais, consolidados e relativos aos requirimentos estatísticos da Unión Económica e Monetaria (UEM)– en termos de modelos, desagregacións, frecuencia e prazo de remisión.

O título terceiro, sobre desenvolvemento contable interno e control de xestión, e o título cuarto, sobre presentación de información financeira no Banco de España, inclúen ambos unha norma que remite á Circular 4/2017, do 27 de novembro.

A disposición adicional única establece que a remisión ao anexo 9 da Circular 4/2017, do 27 de novembro, realizada nesta nova circular o é soamente no que se refire a criterios contables e non no relativo a determinadas previsións sobre a xestión do risco de crédito e contraparte con finalidades de supervisión prudencial.

A disposición transitoria primeira será de aplicación ás contas anuais do exercicio 2020 e á información comparativa do exercicio 2019 que se debe incluír nelas. Esta disposición transitoria primeira permite –por remisión á Circular 4/2017, do 27 de novembro, e á Circular 2/2018, do 21 de decembro, pola que se modifican a Circular 4/2017, do 27 de novembro, e a Circular 1/2013, do 24 de maio, sobre a central de información de riscos– que a primeira aplicación dos novos criterios contables o 1 de xaneiro de 2020 se realice de forma retroactiva, como se os novos criterios se aplicasen sempre, ou optar por un réxime con diversas simplificacións, no cal os axustes se efectúan contra reservas na data da primeira aplicación.

Os establecementos aplicarán aos instrumentos financeiros as coberturas contables, os activos tanxibles, as existencias, os activos non correntes mantidos para a venda e as comisións e outros ingresos, o réxime transitorio da Circular 4/2017, do 27 de novembro, ben que adaptando as datas do dito réxime transitorio á de entrada en vigor desta nova circular (1 de xaneiro de 2020). Para as operacións de arrendamento, os establecementos

aplicarán, tamén adaptando as datas á entrada en vigor desta nova circular, o réxime transitorio da Circular 2/2018, do 21 de decembro. O resto dos efectos nas contas anuais da primeira aplicación da nova circular contabilizarase prospectivamente.

Non obstante o anterior, proporciónase unha simplificación en caso de que o establecemento forme parte dun grupo de entidades de crédito ou dun grupo cotizado nun mercado regulado da Unión Europea (UE). A estes establecementos permíteselles que, para a información comparativa que se presente no primeiro exercicio, opten por tomar como punto de partida –ou por facer uso dela– a información de transición que xa elaboraron en exercicios anteriores, para efectos internos, para a primeira aplicación dos criterios contables da Circular 4/2017, do 27 de novembro, ou das NIIF-UE 9, 15 e 16 nas contas anuais consolidadas do grupo maior a que pertencen. Deste modo, en lugar de con referencia ao 1 de xaneiro de 2020, os criterios do réxime transitorio da Circular 4/2017, do 27 de novembro, que son equivalentes aos das NIIF-UE 9 e 15, poderanse aplicar con referencia ao 1 de xaneiro de 2018, e os da Circular 2/2018, do 21 de decembro, que son equivalentes aos da NIIF-UE 16, con referencia ao 1 de xaneiro de 2019.

A disposición transitoria segunda regula a presentación de estados financeiros públicos intermedios durante o exercicio 2020.

A disposición transitoria terceira fixa o réxime da primeira aplicación dos novos estados reservados. Os estados reservados relativos aos requirimentos estatísticos da UEM entran en vigor en xaneiro de 2020. Entre xaneiro e maio de 2020 non se teñen que remitir estados reservados consolidados e só se envía un subconxunto reducido dos modelos de estados reservados individuais vixentes antes da entrada en vigor desta circular, elaborados cos novos criterios de recoñecemento e valoración. Os primeiros estados reservados individuais e consolidados que se deben remitir ao Banco de España de acordo coa nova circular –distintos dos mencionados estados estatísticos da UEM– serán os de xuño de 2020.

Finalmente, de acordo coa disposición derradeira única, esta circular entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2020.

III

Esta circular atende aos principios de boa regulación exixidos polo artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Respecto aos principios de necesidade e eficacia estipulados na dita lei, esta circular acomete os cambios necesarios na regulación contable dos establecementos para dar por concluído o seu réxime contable transitorio, de forma que estes deben aplicar os mesmos criterios contables que as entidades de crédito.

En canto ao principio de proporcionalidade, a circular límitase a incluír aqueles requisitos necesarios para atender os obxectivos de converxencia coa normativa contable das entidades de crédito e coas NIIF-UE, dentro do marco do Código de comercio, sen impoñerlles obrigacións adicionais aos establecementos. As diferenzas na natureza, escala e complexidade das actividades dos establecementos respecto ás entidades de crédito tradúcense nun réxime simplificado de requirimentos de modelos de estados públicos e reservados.

Respecto aos principios de seguridade xurídica e eficiencia, alcázase ao prescribir esta circular unha regulación contable estable, predicible, completa e clara para os establecementos, que deberán aplicar os mesmos criterios contables que as entidades de crédito. Ao ser a normativa dos establecementos coherente coa das entidades de crédito e co marco das NIIF-UE, evítase a coexistencia de dous marcos contables diferentes nun mesmo grupo de entidades de crédito ou nun mesmo grupo emisor de valores negociados na UE no cal se integre o establecemento, e permítese que os establecementos apliquen os principios contables máis adecuados para reflectir as súas actividades.

O principio de transparencia alcázase a través da consulta pública previa aos potenciais afectados, fixada polo artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e da audiencia

pública aos interesados, de modo que ambas forman parte do proceso de tramitación da presente circular.

O Banco de España está habilitado para establecer e modificar as normas de contabilidade e os modelos dos estados financeiros públicos e reservados dos establecementos, de acordo co previsto na disposición adicional terceira da Orde ECE/228/2019, do 28 de febreiro, sobre contas de pagamento básicas, procedemento de traslado de contas de pagamento e requisitos dos sitios web de comparación que, pola súa vez, remite, no non previsto expresamente nela, á Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 31 de marzo de 1989, pola que se faculta o Banco de España para establecer as normas contables das entidades de crédito.

A epígrafe «Marco xeral de xestión do risco de crédito» do anexo 9 da Circular 4/2017, do 27 de novembro, a que se remite esta circular, contén determinadas previsións sobre a xestión do risco de crédito e contraparte con finalidades de supervisión prudencial. A remisión ao anexo 9 da Circular 4/2017, do 27 de novembro, éo soamente no que se refire a criterios contables, e non no relativo ás mencionadas previsións supervisoras. Concretamente, dentro do «Marco xeral de xestión do risco de crédito», as previsións supervisoras recóllense nos puntos 11 a 17 da epígrafe I.A) «Concesión de operacións», coa excepción da letra c) do punto 11, que recolle criterios contables.

Por último, polo que respecta á información financeira específica que teñen que publicar os establecementos que emitisen determinados valores e os rexistros contables especiais asociados, a habilitación do Banco de España descansa:

– No artigo 21 do Real decreto 716/2009, do 24 de abril, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario e outras normas do sistema hipotecario e financeiro, polo que respecta aos emisores de cédulas ou bonos hipotecarios.

– No artigo 10 do Real decreto 579/2014, do 4 de xullo, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, en materia de cédulas e bonos de internacionalización, polo que respecta aos emisores das ditas cédulas e bonos.

En consecuencia, en uso das facultades que ten concedidas, o Consello de Goberno do Banco de España, por proposta da Comisión Executiva e de acordo co Consello de Estado, aprobou esta circular, que contén as seguintes normas:

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Norma 1. *Ámbito de aplicación e obxecto.*

1. Esta circular será de aplicación co alcance previsto nos puntos seguintes:

a) Aos establecementos financeiros de crédito regulados no artigo 6 da Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial, incluídos os establecementos financeiros de crédito híbridos caracterizados nos números 2 e 3 do citado artigo.

b) Aos grupos de establecementos financeiros de crédito.

c) Aos grupos consolidables de establecementos financeiros de crédito.

Calquera referencia na circular ao «establecemento» ou aos «establecementos» se entenderá feita a todos os entes antes citados.

2. Para os efectos desta circular, enténdese por:

a) Grupos de establecementos financeiros de crédito:

i) Os grupos cuxa entidade dominante sexa un establecemento financeiro de crédito.

ii) Os grupos cuxa entidade dominante estea sometida á lexislación española e, ou ben teña como actividade principal a tenza de participacións nun ou máis establecementos

financeiros de crédito que sexan dependentes, ou ben a actividade do dito establecemento ou dos ditos establecementos financeiros de crédito dependentes sexa a máis importante dentro do grupo.

b) Grupos consolidables de establecementos financeiros de crédito: son aqueles grupos que teñen que cumprir, en base consolidada ou subconsolidada, cos requisitos prudenciais establecidos no Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre requisitos prudenciais das entidades de crédito e das empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, de conformidade co artigo 57 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, co artigo 12 da Lei 5/2015, do 27 de abril, e coa súa normativa de desenvolvemento.

Nos grupos que sexan simultaneamente grupo de establecementos financeiros de crédito e grupo de entidades de crédito, segundo se define na letra a) do número 2 da norma 1 da Circular 4/2017, do 27 de novembro, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros, ou grupo consolidable de establecementos financeiros de crédito e grupo consolidable de entidades de crédito, segundo se define na letra b) do citado número 2, prevalecerá a segunda consideración e aplicaráselles a Circular 4/2017, do 27 de novembro.

3. As normas contidas no título I desta circular constitúen o desenvolvemento e a adaptación das normas contables establecidas no Código de comercio, aplicables aos establecementos financeiros de crédito e aos grupos de establecementos financeiros de crédito.

No caso dos grupos, terase en conta que, de acordo co Regulamento (CE) n.º 1606/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de xullo de 2002, relativo á aplicación de normas internacionais de contabilidade, as normas internacionais de información financeira adoptadas pola Unión Europea son de aplicación directa aos estados financeiros consolidados públicos dos grupos de establecementos financeiros de crédito emisores de valores. Tamén, como prevé o artigo 43 bis do Código de comercio, as ditas normas internacionais son de aplicación directa aos restantes grupos de establecementos financeiros de crédito que opten por elas.

Así mesmo, as normas contables de aplicación para a formulación das contas anuais individuais e consolidadas, de acordo co establecido nos parágrafos anteriores, utilizaranse na elaboración dos estados financeiros públicos correspondentes aos cales se refiren as normas 5 e 6 desta circular, coas especificidades en termos de modelos, desagregacións, frecuencia e prazo de remisión que se establecen nas citadas normas.

4. As normas contidas no título II desta circular serán de aplicación aos estados financeiros reservados individuais dos establecementos financeiros de crédito, así como aos estados financeiros reservados consolidados dos grupos consolidables de establecementos financeiros de crédito.

Os criterios contables para a elaboración dos ditos estados reservados individuais e consolidados serán os de aplicación para a elaboración dos estados financeiros públicos correspondentes, de acordo co establecido no número 3 anterior, coas especificidades en termos de modelos, desagregacións, frecuencia e prazo de remisión que se establecen nese título II.

5. A norma que compón o título III desta circular, sobre o desenvolvemento contable interno e de control de xestión que resulta necesario para a elaboración e formulación da súa información financeira pública e reservada, será de aplicación a todos os establecementos do número 1 desta norma.

6. A norma que compón o título IV desta circular, sobre presentación de información financeira no Banco de España, será de aplicación a todos os establecementos do número 1 desta norma.

TÍTULO I

Información financeira pública

CAPÍTULO I

Contido da información financeira pública

Norma 2. *Contas anuais individuais.*

Os establecementos financeiros de crédito deberán formular as súas contas anuais individuais aplicando o disposto neste título e deberán publicalas xunto cos correspondentes informes de xestión e de auditoría. Os establecementos financeiros de crédito non poderán formular contas anuais abreviadas.

Norma 3. *Contas anuais consolidadas.*

1. Un grupo de establecementos financeiros de crédito está formado por unha entidade dominante e todas as entidades dependentes, de acordo co preceptuado no número 1 da norma 43 da Circular 4/2017, do 27 de novembro.

2. Toda entidade dominante dun grupo de establecementos financeiros de crédito deberá formular contas anuais consolidadas, sen prexuízo do disposto no punto seguinte. A entidade dominante deberá publicar as contas anuais consolidadas, xunto cos correspondentes informes de xestión consolidado e de auditoría.

3. Malia o disposto no punto anterior, non será obrigatorio elaborar contas anuais consolidadas cando se dea algunha das circunstancias previstas no número 3 da norma 3 da Circular 4/2017, do 27 de novembro.

Norma 4. *Contido das contas anuais individuais e consolidadas.*

1. As contas anuais individuais e consolidadas dos establecementos comprenderán o balance, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria. Estes documentos, que forman unha unidade, deberán mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e dos fluxos de efectivo do establecemento financeiro de crédito ou do grupo.

O estado de cambios no patrimonio neto consta de dúas partes:

a) O estado de ingresos e gastos recoñecidos, que, partindo do resultado do exercicio, detallará os ingresos e os gastos que, de acordo con esta circular, non se deban imputar na conta de perdas e ganancias, senón «noutro resultado global».

b) O estado total de cambios no patrimonio neto, que incluírá todas as variacións que se produzan no patrimonio neto, informando pormenorizadamente daquelas transaccións ou eventos que, afectando este, non teñan reflexo na conta de perdas e ganancias nin no estado de ingresos e gastos recoñecidos.

2. O balance, a conta de perdas e ganancias, o estado de ingresos e gastos recoñecidos, o estado total de cambios no patrimonio neto e o estado de fluxos de efectivo das contas anuais individuais axustaranse aos modelos contidos no anexo 1 da Circular 4/2017, do 27 de novembro; os das contas anuais consolidadas axustaranse aos modelos do anexo 3 da Circular 4/2017, do 27 de novembro.

Ao formular as contas anuais, as partidas dos estados non se poderán agrupar. Non obstante, poderanse suprimir cando non presenten datos e desagregar cando se considere necesario para mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e dos fluxos de efectivo.

3. A memoria completará, ampliará e comentará a información contida no balance, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto e o estado de fluxos de efectivo.

4. En cada unha das partidas e importes das contas anuais figurarán, ademais das cifras do exercicio que se pecha, as correspondentes ao exercicio inmediatamente anterior. Cando estas cifras non sexan comparables, adaptarase o importe do exercicio anterior nos termos indicados na norma 17 da Circular 4/2017, do 27 de novembro, e incluírase na memoria a información cuantitativa e cualitativa necesaria para entender os cambios.

Cando se modifiquen a presentación e a clasificación das partidas nos estados, tamén se reclasificará a información comparativa, dando información na memoria sobre a dita reclasificación.

5. Os establecementos axustarán o exercicio económico ao ano natural.

6. Os feitos posteriores á data de balance trataranse de acordo co disposto na norma 9 da Circular 4/2017, do 27 de novembro.

Norma 5. *Estados financeiros públicos individuais.*

1. Con independencia da obrigaçión de formular e publicar as contas anuais individuais, os establecementos financeiros de crédito remitirán anualmente ao Banco de España, para a súa difusión, os seus estados financeiros primarios individuais. Estes comprenden o balance, a conta de perdas e ganancias, o estado de ingresos e gastos recoñecidos, o estado total de cambios no patrimonio neto e o estado de fluxos de efectivo individuais. Estes estados financeiros primarios axustaranse aos modelos dos estados PI 1 a PI 5 contidos no anexo 1 da Circular 4/2017, do 27 de novembro.

2. Os estados financeiros primarios individuais deberanse remitir ao Banco de España, como máximo, o último día do mes seguinte a que se refiran.

3. A difusión dos estados financeiros primarios individuais tamén poderá ser realizada polas asociacións profesionais correspondentes, sinalando de forma clara e destacada que os estados publicados foron elaborados aplicando as normas deste título.

4. Con independencia do sinalado nos puntos anteriores, os establecementos financeiros de crédito emisores de cédulas ou bonos hipotecarios publicarán, polo menos para os datos de cada 30 de xuño e 31 de decembro, como mínimo, a información procedente dos datos do rexistro contable especial regulado no anexo 8.1 da Circular 4/2017, do 27 de novembro, conforme o disposto no artigo 21 do Real decreto 716/2009, do 24 de abril, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario e outras normas do sistema hipotecario e financeiro. Esta información publicarase axustándose ao modelo do estado PI 11 do anexo 1 da Circular 4/2017, do 27 de novembro.

Así mesmo, os establecementos financeiros de crédito emisores de cédulas e bonos de internacionalización publicarán, polo menos para os datos de cada 31 de decembro, como mínimo, a información procedente dos datos do rexistro contable especial regulado no anexo 8.2 da Circular 4/2017, do 27 de novembro, conforme o disposto no artigo 34 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, e no artigo 10 do Real decreto 579/2014, do 4 de xullo, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, en materia de cédulas e bonos de internacionalización. Esta información publicarase axustándose ao modelo do estado PI 12 do anexo 1 da Circular 4/2017, do 27 de novembro.

A información descrita nos parágrafos anteriores farase pública non máis tarde de finais do segundo mes seguinte ao que correspondan os datos, pola mesma canle que se utilice para cumprir as obrigaçións de información reguladas na parte oitava do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, ou no sitio web do establecemento financeiro de crédito.

Exclúense das obrigaçións de publicación os establecementos financeiros de crédito emisores de cédulas ou bonos que incorporen a información requirida neste punto nos seus estados financeiros individuais intermedios.

5. Adicionalmente, os establecementos financeiros de crédito que emitisen cédulas ou bonos hipotecarios enviarán semestralmente ao Banco de España o estado PI 11 do anexo 1 da Circular 4/2017, do 27 de novembro; e os que emitisen cédulas ou bonos de

internacionalización enviarán anualmente o estado PI 12 do citado anexo 1. Os estados PI 11 e 12 deberanse remitir non máis tarde de finais do mes seguinte a que se refiren os datos.

Norma 6. Estados financeiros públicos consolidados.

1. Con independencia da obrigaçión de formular e publicar as contas anuais consolidadas, todos os grupos de establecementos financeiros de crédito que publiquen as ditas contas, así como aqueles que, aínda que non o fagan por se acolleren ao disposto no número 3 da norma 3, publiquen en base consolidada a información regulada na parte oitava do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, remitirán anualmente ao Banco de España, para a súa difusión, os seus estados financeiros primarios consolidados. Estes comprenden o balance, a conta de perdas e ganancias, o estado de ingresos e gastos recoñecidos, o estado total de cambios no patrimonio neto e o estado de fluxos de efectivo consolidados. Estes estados financeiros primarios axustaranse aos modelos dos estados PC 1 a PC 5 contidos no anexo 3 da Circular 4/2017, do 27 de novembro.

2. Os estados financeiros primarios consolidados deberanse remitir ao Banco de España antes de finalizar o mes seguinte a que se refiran.

3. A difusión dos estados financeiros primarios consolidados tamén poderá ser realizada polas asociacións profesionais correspondentes, sinalando de forma clara e destacada as normas contables utilizadas na elaboración destes estados, segundo o disposto no número 3 da norma 1.

4. Cando a entidade obrigada a formular contas anuais consolidadas non sexa un establecemento financeiro de crédito, a obrigaçión de remitir ao Banco de España os estados financeiros primarios consolidados do número 1 recaerá no establecemento financeiro de crédito que sinala o Banco de España para enviar os estados reservados do grupo consolidable. Cando só exista un establecemento financeiro de crédito no grupo, será este o que remitirá os estados.

CAPÍTULO II

Criterios de recoñecemento, valoración, presentación e información para incluír na memoria

Norma 7. Características e elementos da información financeira.

1. As contas anuais e demais estados financeiros públicos deberán subministrar información que cumpra as características e as definicións dos elementos das contas anuais recollidas, respectivamente, nas normas 7 e 8 da Circular 4/2017, do 27 de novembro.

2. A información financeira elaborárase sobre a base da hipótese fundamental de empresa en funcionamento, de acordo co disposto na norma 10 da Circular 4/2017, do 27 de novembro.

Norma 8. Criterios de recoñecemento, valoración, presentación e información para incluír na memoria.

Os establecementos aplicarán as definicións e os criterios de recoñecemento, valoración, presentación e información para incluír na memoria estipulados nas normas 11 a 62 e no anexo 9 da Circular 4/2017, do 27 de novembro.

TÍTULO II

Información financeira reservada

CAPÍTULO I

Criterios de elaboración

Norma 9. *Criterios de recoñecemento, valoración, presentación e desagregación.*

1. Os establecementos elaborarán os estados financeiros reservados, individuais e consolidados, aplicando os criterios identificados no número 4 da norma 1 desta circular.

2. A información desagregarase de acordo cos criterios fixados nos números 2 a 16 da norma 64 e na norma 65 da Circular 4/2017, do 27 de novembro.

Norma 10. *Sectorización de saldos persoais segundo titulares.*

1. Os establecementos incluírán nas súas bases de datos, como mínimo, todos os atributos das persoas e operacións con saldos debedores ou acredores necesarios para elaborar os estados públicos e reservados, así como as demais informacións que deban facilitar ao Banco de España de acordo con esta circular. O esquema de sectorización mínima na base de datos das persoas será o que se inclúe no anexo 7.1 da Circular 4/2017, do 27 de novembro.

2. Na clasificación das operacións por sector institucional da contraparte, os establecementos utilizarán os criterios fixados na norma 66 e nos anexos 7.2 e 7.3 da Circular 4/2017, do 27 de novembro.

CAPÍTULO II

Estados reservados que se deben remitir ao Banco de España

Norma 11. *Estados financeiros reservados individuais.*

1. Os establecementos financeiros de crédito deberán enviar ao Banco de España os seguintes estados reservados, coa periodicidade e co prazo de remisión que se indican a continuación para cada un deles:

Estado	Denominación	Periodicidade	Prazo máximo de remisión
FI 1	Balance individual reservado	Trimestral.	Fin do mes seguinte.
FI 2	Estado de resultados individual reservado.	Trimestral.	Fin do mes seguinte.
FI 12-1	Movements nas correccións de valor e provisións por perdas crediticias	Trimestral.	Fin do mes seguinte.
FI 18	Información sobre as exposicións non dúbidas e dúbidas.	Trimestral.	Fin do mes seguinte.
FI 19	Información sobre as exposicións reestruturadas ou refinanciadas.	Trimestral.	Fin do mes seguinte.
FI 22	Funcións de xestión de activos, custodia e outros servizos. Ingresos e gastos por comisións, desagregados por actividades.	Trimestral.	Fin do mes seguinte.
FI 100-1	Información adicional sobre determinadas partidas do balance. Desagregación de préstamos e anticipos por sector e tipo de importe.	Trimestral.	Fin do mes seguinte.
FI 100-2	Información adicional sobre determinadas partidas do balance. Desagregación de préstamos por sector, tipo de produto e finalidade.	Trimestral.	Fin do mes seguinte.
FI 100-3	Información adicional sobre determinadas partidas do balance. Desagregación de depósitos e valores representativos de débeda emitidos por tipo de importe.	Trimestral.	Fin do mes seguinte.
FI 100-4	Información adicional sobre determinadas partidas do balance. Desagregación de depósitos por sector e tipo de produto.	Trimestral.	Fin do mes seguinte.

Estado	Denominación	Periodicidade	Prazo máximo de remisión
FI 100-7	Información adicional sobre determinadas partidas do balance. Desagregación dos anticipos distintos de préstamos e outros pasivos financeiros por tipo de produto.	Trimestral.	Fin do mes seguinte.
FI 100-12	Información adicional sobre determinadas partidas do balance. Información sobre transferencias de préstamos.	Trimestral.	Fin do mes seguinte.
FI 100-14	Información adicional sobre determinadas partidas do balance. Desagregación dos activos tanxibles.	Trimestral.	Fin do mes seguinte.
FI 101	Información sobre préstamos formalizados, adquiridos ou cualificados no mes (negocios en España).	Mensual.	Fin do mes seguinte.
FI 103-1	Detalle de valores. Datos de emisores.	Mensual.	Día 10 do mes seguinte.
FI 103-2	Detalle de valores. Datos de valores representativos de débeda propiedade da entidade.	Mensual.	Día 10 do mes seguinte.
FI 106	Datos básicos de activos adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas.	Trimestral.	Fin do mes seguinte.
FI 130	Desagregación dos préstamos ao resto da clientela (negocios en España).	Trimestral.	Fin do mes seguinte.
FI 133	Desagregación dos préstamos e dos depósitos e os seus xuros con entidades de crédito e establecementos financeiros de crédito (negocios en España).	Trimestral.	Fin do mes seguinte.
FI 138-1	Negocios no estranxeiro. Detalle por países. Balance.	Semestral.	Fin do mes seguinte.
FI 138-2	Negocios no estranxeiro. Detalle por países. Conta de perdas e ganancias.	Semestral.	Fin do mes seguinte.
FI 142	Datos dinámicos de inmoables adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas.	Trimestral.	Fin do mes seguinte.
FI 150	Información adicional sobre determinadas partidas do estado de resultados.	Trimestral.	Fin do mes seguinte.
FI 160-3	Actividade hipotecaria (negocios en España). Préstamos xestionados pola entidade (excepto os transferidos a entidades de crédito españolas).	Semestral.	Fin do mes seguinte.
FI 162	Entrega de vivendas adxudicadas ou recibidas en pagamento de débedas procedentes de préstamos aos fogares para adquisición de vivenda (negocios en España).	Semestral.	Fin do mes seguinte.
FI 180	Información complementaria anual.	Anual.	Fin de xaneiro.
FI 182	Aplicación do resultado.	Anual.	Fin de xaneiro.

As mencións realizadas na táboa anterior á «entidade» entenderanse realizadas ao «establecemento».

2. Na confección dos estados incluídos na táboa do punto anterior utilizaranse os modelos que se estipulan na norma 67 da Circular 4/2017, do 27 de novembro. Nos estados en que se solicitan datos de «negocios totais» e de «negocios en España», segundo se definen no número 2 da norma 64 da Circular 4/2017, do 27 de novembro, os establecementos financeiros de crédito que non teñan sucursais no estranxeiro enviarán exclusivamente un modelo cos datos relativos aos negocios totais, e os establecementos financeiros de crédito que teñan sucursais no estranxeiro enviarán dous modelos, un para os negocios totais e outro para os negocios en España.

3. Na confección dos estados FI 1, FI 2, FI 12-1, FI 18, FI 19 e FI 22 teranse en conta os criterios para a elaboración dos estados equivalentes regulados no Regulamento de execución (UE) n.º 680/2014 da Comisión, do 16 de abril de 2014, polo que se establecen normas técnicas de execución en relación coa comunicación de información con fins de supervisión por parte das entidades, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.

4. Os estados incluídos na táboa do número 1 serán remitidos por todos os establecementos financeiros de crédito, coas seguintes precisións e excepcións:

a) Nos estados FI 18 e FI 19 non se cubrirá a desagregación por sector da contraparte para os valores representativos de débeda.

b) O estado FI 103-2 remitirase cando o importe en libros acumulado dos valores representativos de débeda propiedade do establecemento financeiro de crédito sexa igual ou superior a 10 millóns de euros.

c) O estado FI 106 remitirase cando sexa igual ou superior a 10 millóns de euros o importe en libros bruto acumulado dos inmobles e instrumentos de capital non cotizados nun mercado activo que se adquirisen para a cancelación, total ou parcial, dunha ou máis operacións rexistradas contablemente nos libros do establecemento financeiro de crédito ou das súas sociedades instrumentais recollidas no punto 2 da norma primeira da Circular 1/2013, do 24 de maio, sobre a central de información de riscos, con independencia de como se adquirise a propiedade e da partida de balance na cal estean rexistrados contablemente (excepto os clasificados como activo tanxible de uso propio). Neste estado informarase dos datos básicos de todos os activos da dita natureza, mesmo dos que estean rexistrados contablemente noutras entidades do mesmo grupo de establecementos financeiros de crédito.

Os datos do estado FI 106 actualizaranse trimestralmente para incorporar exclusivamente as modificacións de datos, así como as adquisicións e as baixas de activos que, de ser o caso, se produzan no trimestre.

d) No estado FI 142 incluírase a información dinámica dos inmobles declarados no estado FI 106.

e) O estado 160-3 remitirano os establecementos financeiros de crédito que teñan operacións hipotecarias.

5. Para os efectos de determinar o cumprimento dos limiares fixados para os estados FI 103-2, FI 106 e FI 142, os datos que se deberán considerar son os comunicados polos establecementos financeiros de crédito referidos ao 30 de xuño de 2019. Os establecementos financeiros de crédito que, con posterioridade, alcancen o limiar para remitir os ditos estados non os terán que enviar mentres o Banco de España non lles comunique por escrito, cunha antelación mínima de seis meses antes do primeiro envío, que deben remitilos. Para facer posible a mencionada comunicación, os establecementos financeiros de crédito que alcancen ou superen o limiar para remitir os estados FI 103-2, FI 106 e FI 142 con posterioridade ao 30 de xuño de 2019 deberánllo notificar ao Banco de España. Así mesmo, os establecementos financeiros de crédito que veñan enviando todos ou algún dos citados estados continuarano facendo cando o seu importe descenda por debaixo do limiar para a súa remisión, ata que o Banco de España lles comunique por escrito que teñen que deixar de envialos.

Os establecementos financeiros de crédito que non superen o limiar fixado para os estados FI 103-2, FI 106 e FI 142 e que, por tanto, non estean obrigados a envialos ao Banco de España, deberán dispoñer da dita información nas súas bases de datos.

6. Non obstante o estipulado nos números 1, 4 e 5, atendendo ás circunstancias particulares dos establecementos financeiros de crédito, en especial ao seu perfil de risco e ao importe que represente a actividade que se debe informar en relación co seu tamaño, o Banco de España poderalle requirir a un determinado establecemento financeiro de crédito o envío de todos ou dalgún dos estados que deben remitir as entidades de crédito, segundo o disposto na norma 67 da Circular 4/2017, do 27 de novembro. O requirimento efectuarase por escrito, cunha antelación mínima de seis meses antes do primeiro envío, especificando a periodicidade e o prazo máximo de remisión con que o establecemento financeiro de crédito enviará os estados.

Norma 12. *Estados financeiros reservados consolidados.*

1. Os grupos consolidables de establecementos financeiros de crédito deberán enviar ao Banco de España os seguintes estados reservados, coa periodicidade e co prazo de remisión que se indican a continuación para cada un deles:

Estado	Denominación	Periodicidade	Prazo máximo de remisión
FC 1	Balance consolidado reservado.	Trimestral.	Fin do segundo mes seguinte.
FC 2	Estado de resultados consolidado reservado.	Trimestral.	Fin do segundo mes seguinte.
FC 40	Estrutura do grupo.	Anual.	Fin de febreiro.

2. Na confección dos estados FC 1, FC 2 e FC 40 utilizaranse os modelos e os criterios para a elaboración dos estados equivalentes regulados no Regulamento de execución (UE) n.º 680/2014 da Comisión, do 16 de abril de 2014.

3. Malia o disposto no número 1, atendendo ás circunstancias particulares dos grupos consolidables de establecementos financeiros de crédito, en especial ao seu perfil de risco e ao importe que represente a actividade que se debe informar en relación co seu tamaño, o Banco de España poderalle requirir a un determinado grupo consolidable de establecementos financeiros de crédito o envío de todos ou dalgún dos estados financeiros que deben remitir os grupos consolidables de entidades de crédito segundo o disposto no Regulamento de execución (UE) n.º 680/2014 da Comisión, do 16 de abril de 2014, e na norma 68 da Circular 4/2017, do 27 de novembro. O requirimento efectuarase por escrito, cunha antelación mínima de seis meses antes do primeiro envío, especificando a periodicidade e o prazo máximo de remisión con que o establecemento financeiro de crédito enviará os estados.

Norma 13. Estados reservados relativos aos requirimentos estatísticos da Unión Económica e Monetaria.

Os establecementos deberán enviar ao Banco de España os estados reservados recollidos na norma 69 da Circular 4/2017, do 27 de novembro, de acordo co disposto nesta última.

TÍTULO III

Desenvolvemento contable interno e control de xestión

Norma 14. Desenvolvemento contable interno e control de xestión.

Os establecementos deberán cumprir cos requisitos de desenvolvemento contable interno, control de xestión e rexistros que se estipulan nas normas 70 e 71 da Circular 4/2017, do 27 de novembro.

TÍTULO IV

Presentación de información financeira no Banco de España

Norma 15. Presentación de contas anuais, estados e outra información financeira no Banco de España.

1. Os establecementos enviarán ao Banco de España as contas anuais e os estados públicos e reservados que se determinan nos títulos I e II desta circular, así como os documentos que se recollen nos números 10 a 12 da norma 72 da Circular 4/2017, do 27 de novembro.

Con independencia do anterior, o Banco de España poderá exixir aos establecementos, con carácter xeral ou particular, canta información precise como aclaración e detalle dos estados anteriores.

2. As contas anuais, os estados públicos e reservados e a outra información financeira que se ten que enviar ao Banco de España de acordo co punto anterior serán presentados cumprindo cos requisitos establecidos nos números 2 a 13 da norma 72 da Circular 4/2017, do 27 de novembro.

Disposición adicional única. *Previsións con finalidades de supervisión prudencial.*

En virtude da remisión xeral ao réxime xurídico das entidades de crédito prevista no artigo 7 da Lei 5/2015, do 27 de abril, as previsións sobre a xestión do risco de crédito e contraparte con finalidades de supervisión prudencial contidas na letras a), b), d), e) e f) do punto 11 e nos puntos 12 a 17 da epígrafe I.A) «Concesión de operacións» do anexo 9 da Circular 4/2017, do 27 de novembro, seguirán sendo de aplicación aos establecementos mentres non se determine outra cosa na normativa de desenvolvemento desta lei.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación por primeira vez desta circular ás contas anuais.*

1. Os establecementos só aplicarán esta disposición transitoria nas súas contas anuais individuais e consolidadas correspondentes ao exercicio 2020.

2. Na información comparativa de 2019 que se debe incluír nas contas anuais individuais e consolidadas de 2020, os establecementos aplicarán os criterios contables recollidos nesta disposición transitoria.

3. Os establecementos que, conforme o disposto na Circular 4/2004, do 22 de decembro, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros, xa estivesen utilizando metodoloxías internas para a estimación colectiva das coberturas poderán continuar utilizándoas a partir do 1 de xaneiro de 2020, coas modificacións necesarias para adaptarse ao prescrito nesta circular, e sempre que cumpran os requisitos de validación continuada fixados nos puntos 41 a 43 do anexo 9 da Circular 4/2017, do 27 de novembro.

Os establecementos que, no momento da entrada en vigor desta circular, o 1 de xaneiro de 2020, desexen utilizar por primeira vez metodoloxías internas para a estimación colectiva de coberturas deberán ter completado previamente o proceso de validación previsto no punto 62 do anexo 9 da Circular 4/2017, do 27 de novembro, incluídas comunicacións previstas no punto 63 do dito anexo.

Aqueles establecementos que, seguindo co establecido no parágrafo anterior, desexen completar antes do 1 de xaneiro de 2020 o proceso de validación previa para utilizar metodoloxías internas por primeira vez na dita data poderán documentar un historial de fiabilidade nas estimacións individualizadas e completar as probas destas metodoloxías internas mediante o contraste de perdas reais observadas con anterioridade á data da publicación desta circular, coas estimacións das coberturas que se obtivesen nas datas correspondentes de se ter utilizado as ditas estimacións individualizadas e metodoloxías internas. A comunicación ao Banco de España do inicio do período de validación previa das metodoloxías internas para a estimación colectiva das coberturas poderase realizar desde o día seguinte ao da publicación da presente circular no *Boletín Oficial del Estado*.

4. Os establecementos terán ata o 31 de decembro de 2020 para completaren a actualización das valoracións de referencia de todas as garantías reais e activos adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas que requiran taxacións individuais completas, conforme a Orde ECO 805/2003, do 27 de marzo, de acordo co disposto nos puntos 78 a 85 e 166 do anexo 9 da Circular 4/2017, do 27 de novembro.

5. Os establecementos disporán ata o 31 de decembro de 2020 para teren identificados na súa contabilidade analítica os custos de financiamento, de estrutura e de risco de crédito, así como, de ser o caso, outro tipo de riscos, inherentes a cada clase de operación, de acordo co número 4 da norma 70 da Circular 4/2017, do 27 de novembro. A obriga de identificar, polo menos, os custos de financiamento, de estrutura e de risco de crédito inherentes a cada clase de operación só alcanzará as operacións concedidas a partir do 1 de xaneiro de 2020.

6. Un establecemento que forme parte dun grupo de entidades de crédito ou dun grupo que emitise valores negociados nun mercado regulado da Unión Europea poderá optar por aplicar esta disposición transitoria a partir do 1 de xaneiro de 2018 para a elaboración da información comparativa de 2019 que se debe incluír nas contas anuais

individuais e consolidadas de 2020. Neste caso, o establecemento deberá presentar, ademais do balance en 31 de decembro de 2019, un balance en 1 de xaneiro de 2019.

Un establecemento que optase por aplicar esta disposición transitoria a partir do 1 de xaneiro de 2018 poderá continuar utilizando metodoloxías internas para a estimación colectiva das coberturas a partir do 1 de xaneiro de 2020 sempre que, por formar parte dun grupo de entidades de crédito que xa as estivese empregando, a información comparativa que se debe incluír nas contas anuais individuais e consolidadas de 2020 se elabore usando as ditas metodoloxías internas. En todo caso, estes establecementos deberán cumprir os requisitos de validación continuada fixados nos puntos 41 a 43 do anexo 9 da Circular 4/2017, do 27 de novembro.

7. Os establecementos aplicarán os criterios contables dos números 3 a 6 e 8 a 15 da disposición transitoria primeira da Circular 4/2017, do 27 de novembro, para os instrumentos financeiros, as coberturas contables, os activos tanxibles, as existencias, os activos non correntes mantidos para a venda e as comisións e outros ingresos, coas seguintes precisións:

a) As referencias ao 1 de xaneiro de 2018 entenderanse realizadas ao 1 de xaneiro de 2020 ou, se o establecemento opta por aplicar esta disposición transitoria a partir do 1 de xaneiro de 2018, as referencias a esta última data serán de aplicación segundo se indica no punto correspondente.

b) As referencias ao 1 de xaneiro de 2017 no número 4, relativo ás coberturas contables, entenderanse realizadas ao 1 de xaneiro de 2019 ou, se o establecemento opta por aplicar esta disposición transitoria a partir do 1 de xaneiro de 2018, as referencias ao 1 de xaneiro de 2017 serán de aplicación segundo se indica no punto correspondente.

c) A referencia ao exercicio 2018 no número 6, relativo ás comisións e outros ingresos, entenderase realizada ao exercicio 2020 ou, se o establecemento opta por aplicar esta disposición transitoria a partir do 1 de xaneiro de 2018, as referencias ao exercicio 2018 serán de aplicación segundo se indica no punto correspondente.

d) En todo caso, as referencias á memoria das contas anuais individuais e consolidadas de 2018 nos números 8 a 15, relativos a desagregacións de información, entenderanse realizadas á memoria das contas anuais de 2020.

8. Os establecementos aplicarán os criterios contables para os arrendamentos dos números 1 a 9 da disposición transitoria primeira da Circular 2/2018, do 21 de decembro, pola que se modifican a Circular 4/2017, do 27 de novembro, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros, e a Circular 1/2013, do 24 de maio, sobre a central de información de riscos, coas seguintes precisións:

a) As referencias ao 1 de xaneiro de 2019 entenderanse realizadas ao 1 de xaneiro de 2020 ou, se o establecemento opta por aplicar esta disposición transitoria a partir do 1 de xaneiro de 2018, as referencias ao 1 de xaneiro de 2019 serán de aplicación segundo se indica no punto correspondente.

b) As referencias ao 31 de decembro de 2018 entenderanse realizadas ao 31 de decembro de 2019 ou, se o establecemento opta por aplicar esta disposición transitoria a partir do 1 de xaneiro de 2018, as referencias ao 31 de decembro de 2018 serán de aplicación segundo se indica no punto correspondente.

c) As referencias ao exercicio 2019 entenderanse realizadas ao exercicio 2020 ou, se o establecemento opta por aplicar esta disposición transitoria a partir do 1 de xaneiro de 2018, as referencias ao exercicio 2019 serán de aplicación segundo se indica no punto correspondente.

9. Os establecementos contabilizarán de forma prospectiva os efectos da primeira aplicación desta circular ao resto das partidas non recollidas nos puntos anteriores, e será obxecto de información na memoria das contas anuais correspondentes ao exercicio 2020.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación por primeira vez desta circular aos estados financeiros públicos.*

Nos estados financeiros públicos correspondentes a un período inferior ao anual que se presenten no ano 2020, os establecementos aplicarán de forma coherente as decisións adoptadas segundo a disposición transitoria primeira.

Disposición transitoria terceira. *Aplicación por primeira vez desta circular aos estados financeiros reservados.*

1. Os primeiros estados reservados relativos aos requirimentos estatísticos da Unión Económica e Monetaria, regulados na norma 13, que se deben remitir ao Banco de España cos modelos, criterios de elaboración, frecuencia e prazo de remisión desta circular serán os correspondentes ao 31 de xaneiro de 2020.

2. Os primeiros estados reservados, individuais e consolidados, regulados nas normas 11 e 12, que se deben remitir ao Banco de España cos modelos, criterios de elaboración, frecuencia e prazo de remisión desta circular serán os correspondentes ao 30 de xuño de 2020. Ata a data indicada, deberanse enviar ao Banco de España os seguintes estados reservados individuais vixentes antes da entrada en vigor desta circular, cos criterios de recoñecemento e valoración desta circular e coa frecuencia e cos prazos con que se veñen remitindo: M.1 Balance reservado; M.2 Detalle de derivados e instrumentos financeiros híbridos; M.3 Balance de moeda estranxeira. Detalle por moedas; M.6 Detalle de entidades de crédito; M.14 Crédito a outros sectores residentes en España clasificado segundo a súa finalidade, e T.1 Conta de perdas e ganancias reservada.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta circular entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2020.

Madrid, 26 de novembro de 2019.–O gobernador do Banco de España, Pablo Hernández de Cos.